



- TELEVISIÓN
- RADIO
- COMPAÑIA
- CÓMERCIAL
- COMUNIDADE



Procura

- Inicio
- Temas
  - » No forno (3)
  - » Outros (3)
  - » Programas (55)
- Páxinas
  - » Axenda
  - » Nós
  - » Podcast
- Arquivos
  - » Novembro 2007
  - » Outubro 2007
  - » Setembro 2007
  - » Agosto 2007
  - » Xullo 2007
  - » Xuño 2007
  - » Maio 2007
  - » Abril 2007
  - » Marzo 2007
  - » Febreiro 2007
  - » Xaneiro 2007
  - » Decembro 2006
  - » Novembro 2006
  - » Outubro 2006
- Blogs da CRTVG

« Programa 53 (21-10-07): Prohibido non tocar, pensar, sentir e soñar  
 Programa 55 (4-11-07): O F1 dos ordenadores »

### Programa 54 (28-10-07): Fiestras da mente


O oso Yogui tenlles medo ás estradas de Yellowstone. Segundo *Biology Letters* os osos deste parque natural non se atreven a pisar as estradas por pánico ao home. Este temor é aproveitado polas femias de alce que utilizan ás beiras das estradas como refuxio seguro no que parir. Os impactos do home na natureza dan lugar a resultados inesperados.

**Fiestras da mente.** Entrevistamos a investigadora coruñesa Susana Martínez Conde, directora do *laboratorio de Neurociencia Visual* do Instituto Neurolóxico Barrow en Phoenix. Unha das liñas de investigación de Conde é o papel que teñen as esquinas no procesado que fai o noso cerebro da forma dos obxectos. Ao cerebro só chegan un millón de cables neuronais dende os ollos. Poderíamos dicir que a nosa vista ten unha resolución dun megapixel, menos ca as cámaras dos móbiles. Polo tanto o noso cerebro ten que reconstruír e interpretar a información visual.



Susana Martínez Conde.

Un resultado curioso desta investigación é a creación dun efecto óptico que Conde denomina *Estrela de brillo alternativo* (Alternating Brightness Star). No debuxo interactivo de abaixo amósase por defecto unha estrela de 8 puntas formada pola confluencia de 20 estrelas concéntricas de diferente luminancia, dende o branco da interior ata o negro da máis exterior. A luminancia de cada unha das 20 estrelas é constante en todos os seus puntos. Con todo, percibimos as diagonais que unen os vértices da figura moito máis brillantes ca o resto. Para caer na conta da ilusión óptica só cómpre modificar os controis da animación (número de vértices, ángulo das arestas, contraste e etapas).



"Alternating Brightness Star" de Susana Martínez Conde.

En 2006 Conde demostrou que uns movementos imperceptibles dos ollos, as microsacadas, teñen un papel transcendental na visión. Estes resultados tiveron unha gran repercusión tras ser portada de *Scientific American*.



O *Mago Antón* introdúcese uns minutos na entrevista. Minutos máxicos de interacción entre unha neurocientífica visual e un profesional da ilusión.

En *Innovando* presentamos un sistema de depuración para a industria vitivinícola baseado en zonas húmidas artificiais desenvolvido por *Biogea*. No concurso retomamos a figura de Domingo Fontán para preguntar onde está enterrado o primeiro cartógrafo científico de Galicia.

